

ÁMBITOS DO NOSO COMPROMISO AMBIENTAL

LIÑAS TRANSVERSAIS

Gobernanza: Integración da sostibilidade na toma de decisións e na planificación estratéxica.

- Aprobación dunha Política de Sostibilidade Ambiental e compromiso no marco do noso Plan Estratéxico 2023-2026.
- Xeramos documentación interna de boas prácticas (Por exemplo: Guía sobre eventos e xornadas sostibles).
- Constitución dun equipo de traballo de axude a impulsar accións de mellora e sostibilidade dentro da Organización.

Comunicación, sensibilización e formación: Promoción da conciencia e sensibilización ambiental a través de accións formativas, campañas e comunicación interna e externa.

- Promovemos formacións para actualizar o coñecemento dos nosos profesionais en materia ambiental, lexislativa e de eficiencia.
- Desenvolvemos campañas internas de concienciación e uso responsable dos recursos.
- Habilitamos espazos propios para divulgar avances (O Boletín o e ECOGAMI).

LIÑAS ESPECÍFICAS

Enerxía e emisión:

Traballamos pola redución das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) e a transición enerxética.

- O 55,07 % da enerxía consumida por COGAMI en 2024 procedeu de enerxías limpas.
- O 60 % dos nosos Centros de recursos teñen placas solares, xerando un autoconsumo medio do 41 %.
- Implantamos medidas de aforro e eficiencia enerxética de forma progresiva.
- Medimos a nosa pegada de carbono para poder mellorar, certificando este cálculo ante o MITECO.

Uso eficiente das materias primas, xestión de residuos e economía circular: Apostamos por un modelo baseado na redución, reutilización e reciclaxe de materiais.

- Avanzamos cara a unha política de “papel cero” e, desde 2019, logramos reducir o noso consumo nun 27 %.
- En determinados centros realizamos compostaxe de residuos alimentarios, promovendo o aproveitamento local.
- Fomentamos a segregación dos residuos na súa orixe, favorecendo a reciclaxe ou colaborando con entidades sociais para darlles unha segunda vida útil aos materiais.